

MAL@S E PEORES

Lembranza de sucesos criminais e de mentes
facinorosas de Lugo e provincia



Contan: Xosé de Cora • Sabela Corbelle • Manuel López Castro (MALOCA) • Xosé Miranda

Música: Francisco do Romualdo

Coordinan e presentan: Antonio Reigosa • Isidro Novo (Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG)

Letra das Festas
San Froilán 2016



Sección de Literatura e Tradición Oral




Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

Virxe santa del Carmelo
de mis gracias avogada
préstame tu luz divina
y dame tu santa gracia.

Para relatar el crimen
mayor que gente cristiana
vio desde que al mundo vino
el hijo de tus entrañas.

En la ciudad de Catoira,
a la beiramar pousada
habitaba un caballero
con su mujer y su hermana
con el vivían seis hijos,
un criado y dos criadas,
de todo el pueblo queridos
por su muy buena crianza.

Tenía el tal caballero
llamado Don Luis Tejada
sona en el país de sere
hombre rico por su casa

Y el día 4 de octubre
y a las 2 de la mañana
cinco feroces bandidos
el edificio asaltaban.

Penetran en la vivenda
cogen a la gente en cama
y al desgraciado que berra
hacen con el la matanza.

Las criadas danse conta
y por defender a su ama,
acoden con canivetes abertos
la mau armada.

Mais a según se aproximan
reciben en las illargas
2 tremendos garapaldos
y luego 6 puñaladas.

Tan grandes son las feridas
que las dejan como a ranas
espateladas de riba
dun charco de sangue basta.

No abonda a los forrajidos
esta cobarde fazaña
y métese en las alcobas
que a niños y niñas guardan.

Dejando a las criaturas
de tal xeito acribilladas
que el que máis enteiro queda
es una pobre peldraxa.

Y acode el buen caballero
al berrar la miudanza,
y tres de los bandoleros
lo cogen por las solapas.

Y despois de sacudirlo
como quien lava una sábana
contra las lousas del piso
le dan unas cabezadas
que al instante botan fora
toda la masa encefálica

Pero el que es hombre valente
ni por esas da la casca
y echándose a los ladrones
lo mesmo que un can de rabia
a couces a puñetazos
a mordedelas calcadas
consigue chimpas dos de ellos
y les masca las entrañas.

Entón el otro bandido
que la loita presenciara
le da un tajo moi tremendo
con una enorme navaja

que los intestinos todos
le bota fora del arca
y riba deles un tango
aque! sanguinario baila.

Don Luis le llama una cosa
que es una fea palabra
da dos voltas, chosca un ollo
pernexa un pouco e acaba.

Solo quedan dos mujeres
escondidas en la casa
namentres aquellas feras
no las apañen por banda.

Y aquí termina señores
la primera parte exacta
de este sangrante suceso
que a Catoira consternara.

En la segunda parte verán señores
se pagan, como a Don Luis Tejada
le tiran a su señora de una ventana
para fora y lleva la gran zoupada.

SEGUNDA PARTE

Por fin los ladrones topan
a la nai i a su cuñada
e un grosu pano en la boca
para que non berren les atan.

Ponenlas en trajes de Eva
y comienzan a azoutarlas
deixándoles el corpo mesmo
como las medias a raías.

Entón a la pobre viúda
con el pánico se cadra
escapoúselle un salaio
cousa que a ninguén estraña
y una de aquellas panteras
sin miramentos ni nada
cogéndola polos glúteos
tírala por la ventana
y contra las lousas del camino
se esmendrella la coitada.

Pero ella que era moi lista
al darse conta inmediata
de que le iban descubrir
todo cuanto oculto estaba
faguéndole a los ladrones
un fino corte de mangas
abriu la boca, espirrou
y a Dios entregou su alma.

Entón a la porta síntese
golpes coma de quien llama
y al instante los civiles
se apersonan en la estancia.

Trincan a los criminales
y a los 2 meses se alza
el patíbulo en que al cabo
su terrible crimen pagan.

Uno de ellos al morrer
arrepentido exclamaba:
«Se me non pesa do feito
que unha centella me parta,
padres que teneis familia,
aínda que non sea da casa
educad a vuestros hijos
en la religión cristiana
y procurar que ellos gocen
siempre compañía honrada
si no quereis que se topen
envueltos en una causa
y derriba del patíbulo
con la noz esmendrellada.»

O crime de Catoira



Fin

— O SACAÚNTOS DE ALLARIZ —

Poñan atención, señores
que sen poñer nin quitar,
un suceso de Galicia
aquí lles vou explicar.

Valor lle pido ao bo Dios
e a Virxe soberana
para contar este caso
que só nomealo, espanta.

Polas terras de Allariz
un criminal sen entrañas,
tres irmás mozas matou
sen coitelo, nin navalla.

Criado por malos pais
consello e exemplo faltaban
pasou logo a mocidade
cabo de malas compañías.

Andando un tempo para diante
o criminal se axuntaba
con Manolita García,
natural de Ponferrada.

Ao cabo de nove meses
a Manolita preñada
tivo un fillo, o Rosendiño.
Ogallá non o botara!

Aínda ben non o parira
de novo ás feiras marchaba,
pra vender mercadoría
de fino pano de Holanda.

Aló polas oito e media
houbo unha grande ventada
e fóronse resgardar
embaixo dunha «pagana».

Foi alí onde o moi cabrón
en canto a viu descoidada,
apreixándoa pola gorxa
rematouna a dentadas.

Aínda ben non a matara,
ao ver que o neno choraba,
retorceulle, aí! o pescozo,
arrincoulle a lingua ás bravas.

Despois de sacárllelos untos,
despois de collérllela graxa
aló no fondo dun souto
os corpos na terra agochaba.

Cando as preguntas inquiren
por aquela malpocada,
conta que marchou servir
para cidade de Granada.

Nesta segunda parte
se o alento me acompaña,
poñerei fin ao relato
que averduga a toda España.

O perverso criminal
non contento coa fazaña,
a irmanciña de Manuela,
que Benigna se chamaba,
tamén matou no camiño
que a Santander levaba.

Covarde e sen compaixón,
esta besta desalmada,
a terceira asasinou,
Josefina a desgrazada.

Grandes investigacións
comezaron en España,
cando as mortes do sacaúntos
xa por dúcias se contaban.

Oubeando polos montes
ao malfeitor atopaban,
as mans semellaban garras,
a cara de sangue enchoupada.

Cando remata o proceso,
o xuíz sentenza ditaba:
Ten de morrer a garrote
tal como a xente demanda.

Nun cárcere de Valencia
os seus días remataba
e o seu cadáver maldito
con petróleo llo queimaban.

Nais que escoitades esto,
xente boa, xente honrada
educade aos vossos fillos
conforme a relixión cristiãa.

Non deades nunca ocasión
por unha mala crianza,
a que saian criminais,
fillos das vosas entrañas.

Aquí a historia termina,
aquí a historia remata
do Sacaúntos de Allariz.
¡Gloria ao Señor, Deo gratias!

Letra en castelán e música tradicional.
Adaptación en galego Francisco do Romualdo.